

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 28 DE MAIO DE 2009.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e oito de maio do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno – ao abeiro dos acordos acadados do Concello Pleno de data 24.04.09 e da Xunta de Voceiros de data 11.05.09 - en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo, Dna. M<sup>a</sup>. Angeles Diaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. Maria África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Diaz, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Asiste tamén Dna. Vanessa Garcia Barreiro, interventora municipal.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 24.04.09 E 11.05.09.**

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar a súa aprobación ás actas que deseguido se relacionan:

- Sesión ordinaria realizada o día 24.04.2009.
- Sesión extraordinaria realizada o día 11.05.2009

Deseguido e ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde-Presidente propónse a inclusión, por razón da urxencia, dos seguintes asuntos:

- a) ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO 2009: NOVO SORTEO MESA 1-003U
- b) RECLAMACIÓNS ORZAMENTO 2009 E APROBACIÓN DEFINITIVA

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, o Concello Pleno, por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia os asuntos, incluílos na orde do día e tratalos antes de rogos e preguntas como puntos núm. 6 e 7, respectivamente.

### **2.- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011.**

**Sr. Alcalde:** Este é un tema que ven de comisión e, polo tanto, ten a palabra o presidente da comisión.

**Sr. Roca Lorenzo:** Bó día a todos e a todas. Como dixeran, o acaba de comentar o Alcalde, é o Plan de Cooperación 2008-2011, ven ditaminado de comisión por unanimidade e

tiñamos acordado meter a auga ao Monte, a San Xoan, a Ponte-Igrexa e tamén dous alcantarillados alí no Vilar e no Penedo, no Galiñeiro, perdón e, polo tanto, non hai máis que decir.

**Sra. Diaz Otero** (que traducido di): Ben, bós días, nós imos manter, como é obvio, o mesmo voto que na comisión e, polo tanto, imos votar afirmativamente. Só reflexar o esforzo que fixo o presidente da comisión en canto a atender a ese remanente que quedaba de diñeiro para poder chegar ao tope e meter algo de alcantarillado, que fora un pouco o que manifestamos na comisión e, polo tanto, votaremos favorablemente.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión de Obras, Servizos, Persoal, Medio Ambiente e Parques, en sesión celebrada o día 7 de maio de 2009, por unanimidade, acorda:

1.º Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2010, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
“ABASTECIMENTO DE AUGA NOS LUGARES DE O MONTE E IGREXA – A FONTE, E SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NO GALIÑEIRO E NO VILAR”	153.402,95 €	15.340,30 €	138.062,65 €
<b>TOTAL</b>	153.402,95 €	15.340,30 €	138.062,65 €

2º) Aprobar o proxecto técnico da obra citada, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Marcelino López Méndez, en data maio de 2.009, cun presuposto base de licitación de 153.402,95 euros.

3.º) Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4.º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5.º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

7.º) Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

### **3.- MOCIÓN DE EU-IU SOBRE CONTRATACIONES DE PERSOAL VINCULADAS A SUBVENCIONS OU PROGRAMAS DE COOPERACION.**

**Sr. Alcalde:** Ten a palabra a portavoz da moción.

**Sra. Diaz Otero** (que traducido di): Ben, a moción, como eu creo que é perceptible, en cada ún dos dous puntos do acordo propón instar á alcaldía dende o coñecemento de que a contratación de persoal é competencia exclusiva do alcalde e, polo tanto, non estamos facendo unha impugnación á legalidade vixente, senon que ten un contido de manifestación política por parte do Pleno.

Xa na exposición de motivos manifestamos que algunha das contratacións do ano 2008, sí se fixeron en función dunha bases por parte da comisión, así foi a persoa que estivo dentro do capítulo de Igualdade pero hai outras que foron directamente por resolución da Alcaldía, como foi a contratación da persoa da oficina de información e turismo ou toda a correspondente a obra civil; nós entendemos que sería positivo que o mesmo que se fixo no tema de Igualdade, en todas as contratacións que vaian vinculadas aos programas de cooperación, á limpeza de praias, ou propiamente a rehabilitación e acondicionamento do contorno rural, que tamén se fixeron o ano pasado, e se fixeron por resolución, podan ser despois dun debate na comisión de persoal ou na comisión que o grupo de goberno considere oportuna, se fagan unhas bases e, polo tanto, a contratación se poda dirimir nese sentido. Ese é o fondo da moción tendo en conta, como dixen ao principio, que a legalidade lle permite ao Alcalde facer as contratacións sen que se teña que facer este trámite.

**Sr. Alcalde:** Ben, ábrese un turno de palabras. Ben, senon hai palabras se somete a votación.

Deseguido sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á moción presentada polo grupo municipal de EU-IU sobre contratacións de persoal vinculadas a subvencións ou programas de cooperación, según texto obrante no expediente, e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar ó Alcalde para que as contratacións de persoal vinculadas ás concesións de subvencións para a campaña limpeza de praias, programas de cooperación ou persoal contratado ó abeiro doutras convocatorias non se realicen por resolución da Alcaldía a proposta do presidente da comisión de obras, servizos, persoal, medioambiente e parques, ou do/a presidente doutra comisión informativa.

2.- Instar ó Alcalde para que as contratacións se realicen en función dunhas bases ditaminadas pola comisión de obras, servizos, persoal, medioambiente e parques ou da comisión informativa que o goberno municipal entenda adecuada.

### **4.- DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADOS CON MOTIVO DOS ASASINATOS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura polo sr. Alcalde-Presidente, así como das peticións aos Concellos para que lle fagan chegar o pésame ás familias das vítimas e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

#### **5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 263/2009 a 363/2009.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núm. 263/2009 á 363/2009, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

#### **6.- ELECCIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO 2009: NOVO SORTEO MESA 1-003U.**

A fin de dar cumprimento ao indicado na comunicación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol (R.E. 2.531/26.05.09) instando a realización de novo sorteo de membros da mesa epigrafiada ao non quedar debidamente cuberta, así como ao indicado no artigo 26 das Normas Electorais vixentes, e cumpridas todas as formalidades legais establecidas, polo Concello Pleno procédese á formación da Mesa citada no que atinxe ao 1º e 2º suplente de primeiro vocal, que queda integrada polas persoas e para os cargos que se relacionan no respectivo expediente.

#### **7.- RECLAMACIÓNS ORZAMENTO 2009 E APROBACIÓN DEFINITIVA**

**Sr. Alcalde:** Ben, éste é un tema que ven tamén de comisión e ten a palabra o presidente da comisión.

**Sr. Bouza Rey:** Bó día. Despois de ter aprobado este Pleno os presupostos pois en prazo, como marca a lei, se presentan por tres asociacións unhas reclamacións a ditos orzamentos, as asociacións do ANPA de Catro Camiños, o AMMI e máis a Asociación de Veciños Cruceiro de Mehá. Unha vez se aprobou por maioría desestimar as reclamacións, con dous votos a favor da desestimación, catro abstencións, e ún en contra, que era o de Esquerda Unida. Entón, nós seguimos mantendo o que xa no Pleno, na comisión, perdón, defendimos, e ben, se me presentaron agora, un par de minutos antes de empezar este Pleno, un escrito pola parte da voceira de Esquerda Unida, facendo unhas modificacións a diferentes partidas para poder contar a esas reclamacións... pois poder abrir esas partidas que pedían; ésto xa foi un debate que xa tivemos cando se tivo o debate de aprobar os orzamentos e seguimos pensando que non caben as reclamacións.

**Sr. Alcalde:** Ben, ábrese un turno de palabras.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Bó día a todos. Antes de iniciar a análise das reclamacións presentadas aos orzamentos pola asociación de veciños Cruceiro de Mehá, a asociación de minusválidos e ANPA Catro Camiños, o grupo municipal socialista quere facer unha pequena

reflexión de por qué se chega a esta situación, para que tres asociacións presenten reclamacións aos orzamentos. Ao noso entender parécenos que o procedemento empregado polo grupo de goberno para a elaboración dos orzamentos non é o axeitado, sobre todo se nos atenemos ás manifestacións e ao programa do BNG. A pesar de que na campaña electoral das eleccións municipais do ano 2007 o BNG propoñía uns orzamentos participativos, e que no seu primeiro discurso o Alcalde prometía confeccionar uns orzamentos onde todas as sociedades participaran na súa elaboración, á hora da verdade nada desto se levou a cabo salvo raras excepcións. As sociedades non participaron na elaboración dos orzamentos, e se algunha fixo proposta foi por iniciativa propia e non moi ben entendidas polo grupo de goberno. Por iso afirmamos que si se fixeran as cousas como se habían comprometido non estaríamos hoxe nesta situación con tres asociacións distintas presentando reclamacións. Dende o grupo municipal socialista agardamos que na confección dos vindeiros orzamentos todos os colectivos teñan unha participación activa para a súa elaboración.

Centrándonos nas reclamacións en sí mesmas todos estaremos dacordo en que todas as reclamacións son correctas, aínda que non é menos certo que podemos engadir outras tantas igual de necesarias. En canto ás reclamacións presentadas por AMMI na eliminación de barreiras arquitectónicas do Xulgado de Paz, todos os grupos coincidimos en que é unha obra necesaria para garantir a accesibilidade a todas as persoas que a día de hoxe non poden acceder ao Xulgado por sí mesmas, por iso agardamos que estas obras se leven a cabo mediante unha subvención da Xunta de Galicia, da Consellería de Presidencia, e seguindo coa política de eliminación de barreiras arquitectónicas coa que todos estamos comprometidos agardamos que as outras reclamacións presentadas sexan atendidas no presente ano e as que non sexa posible por falta de orzamento se garante a súa execución no vindeiro ano.

As reclamacións presentadas polo ANPA de Catro Camiños, o punto núm. 1 estase a debatir porque todos entendemos que a situación económica actual require un maior esforzo inversor. As outras reclamacións, relativas ao comedor, quero recordar que no debate para decidir a qué obras adicábamnos os fondos de investimento municipal, preto dun millón de euros que lle corresponderon ao Concello de Mugardos polo número de habitantes, todos os grupos considerábamnos necesario a creación dun comedor escolar, polo que empregamos prego de 24.000 euros deses fondos na creación do comedor. Agardamos que o comedor estea operativo para o vindeiro curso escolar 2009-2010. A Xunta de Galicia ten comprometida unha partida, así llo manifestou ao director do centro, para compra de mobiliario, e quero dicir que a día de hoxe, pois, aínda que había xente que era susceptible de creer que o mobiliario fora chegar, porque o que se dí de palabra pois que logo non se cumpre, pero a día de hoxe ese mobiliario xa chegou ao ANPA Catro Camiños, polo tanto ese problema está resolto e logo o resto do mobiliario escolar, nevera, microondas, lavavaixelas, etc... creemos que é un investimento de aproximadamente 1.000 euros, que pensamos que non habería maior problema, non? e agardamos que as negociacións que o Alcalde leve ante a Xunta de Galicia sexan frutíferas para que a Xunta colabore co mantemento escolar, do comedor escolar, perdón. E, polo que respecta ao Concello, e tras o debate en comisión, agardamos que o grupo de goberno presente aos grupos políticos da oposición o estudo económico para evaluar o custe do mantemento do comedor escolar para así poder decidir entre todos, dun xeito riguroso, a axuda a aportar.

En canto ás reclamacións presentadas pola asociación de veciños “Cruceiro de Mehá”, dicir que, en canto á construción de beirarrúas dende As Cagallas ata o Capricho, e dende a

rotonda de Rilo ata a rotonda de Franza, creemos que é necesario saber previamente o compromiso das dúas administracións, Xunta e Deputación, para logo saber a aportación económica do Concello, si fose necesario, aínda que debemos esixir que estas obras estean financiadas ao cen por cen.

A demolición das vivendas de propiedade municipal do parque de O Castro, entendemos que o Concello é o primeiro que ten que dar exemplo, e neste caso, por estar á carón dun parque infantil, co conseguinte risco para os nenos e nenas, con maior motivo; recordar que nos orzamentos xa se contempla unha partida para demolicións, que moi ben poidera utilizarse para estas demolicións.

A construción do local social para a parroquia de Mehá, o grupo municipal socialista manifestou en reiteradas ocasións que os veciños de Mehá necesitaba un local social, máxime despois da transformación da escola do Novás en local de ensaio, e como ben din eles mesmos, os compromisos están para ser cumpridos, e o que se comprometeu cos veciños, que o cumpra.

En canto á urbanización da rúa Fieiteiras, foi unha das primeiras obras que se propuxo, dentro dos Fondos de Investimento Local, e logo se desestimou polas dificultades e polos prazos. Entendemos que sí é unha obra necesaria e, polo tanto, habería que comezar a traballar nesta obra, chegar a acordos cos propietarios para a compra dos terreos, e nos orzamentos xa hai unha partida que está adicada a compra de terreos que ben poidera destinarse a esta obra.

Para rematar, dende o grupo municipal socialista entendemos que os orzamentos teñen que seguir o seu curso, en caso contrario causaríamos un grave perxuizo ao Concello; dende logo o PSOE está disposto, a posteriori, a apoiar as modificacións necesarias, ben a través de vinculación, modificación, ou incluso recurrir a financiación externa, porque creemos que estas obras son necesarias e dado que a situación económica actual non é óptima podemos e debemos recurrir a financiación para facer obras e, por suposto, para crear emprego.

**Sra. Diaz Otero** (que traducido di): Ben, pois bós días. Nós tiñamos manifestado no Pleno do debate presupostario que o goberno local buscou a aritmética e non o acordo político, dado que fundamentalmente a reunión que mantivo co partido socialista levou ao partido socialista a absterse e, polo tanto, dar un apoio implícito, dado que o outro grupo que se abstivo foi IPM, que manifestou que con él non se reunira, polo tanto, nós, naquel momento, decíamos que o goberno municipal buscara moito máis esa aritmética, que lle favoreceu o partido socialista, coa aprobación dos presupostos, e non o acordo político.

Tampouco se buscou, é certo, o acordo coas entidades, aínda que, dito sexa de paso, eu creo que se pode buscar o acordo e a veces non ser atopado, é decir, non sempre que se busca o acordo se pode atopar o acordo; polo tanto estamos ante un feito protexido pola lei, así fixo referencia o presidente a comisión, creo que ninguén se sorprendería si os veciños, dentro da revisión do plan fan alegacións ou reclamacións, ninguén se sorprendería, pois para o Concello é tan importante o documento de planeamento como o documento presupostario e despois o resultado do cumprimento dese documento, porque son fundamentalmente os dous documentos que marcan a vida municipal. De feito, na adxudicación da revisión do plan se valora como positivo que a empresa encargada incentive a participación veciñal para o coñecemento, as alegacións, as propostas e o trámite é o mesmo coas diferencias que haxa co presuposto, en tanto que haxa un periodo de alegacións también, e que o Concello Pleno,

como non podía ser doutra forma, como representante lexítimo do conxunto da sociedade, valora positivamente ou negativamente; eu creo que eso entra dentro da normalidade democrática e, polo tanto, dentro da saúde dunha sociedade como a de Mugar dos, que ten interese pola vida municipal. Polo tanto eu creo que isto o debemos, sempre, de ter en conta, que entra dentro da legalidade, e entra ademais dentro do parámetro dunha democracia que goza de boa saúde en Mugar dos en canto ao interese dos veciños polos seus asuntos, polos asuntos da política municipal, e, polo tanto, debe de ser, senon acollidas en canto á votación, sí tratadas con normalidade.

Eu creo que hoxe podemos rexeitar as reclamacións presentadas, as podemos rexeitar, dado que, como dixer, o Pleno representa lexítimamente o conxunto dos intereses da sociedade de Mugar dos, pero o que sí é certo, e así se transmite tamén pola intervención do voceiro do partido socialista, é que non as imos admitir, pero dentro de quince días imos facer unha modificación de crédito; é unha fórmula, é unha fórmula para poder incorporar boa parte das alegacións que están presentadas polas entidades. ¿E por qué digo isto? O digo porque o Xulgado de Paz, das reclamacións de AMMI e o incremento das partidas, ou da partida, de eliminación de barreiras, o Xulgado de Paz aprobouse por unanimidade, na comisión de asuntos sociais, non solicitámo á Consellería de Presidencia, senon solicitámo dentro do Plan Concertado, pero para sorpresa, polo menos sorpresa para min, na petición de licenza, na achega municipal aparece cero euros; é dicir, votamos políticamente solicitar a eliminación de barreiras do Xulgado pero eu creo que con moi pouco convencemento, dado que nin siquera poñemos o 20% que poñemos por exemplo cando solicitamos equipamento. O valor da obra é 69.091, e o que lle pedimos á Xunta de Galicia é 69.091 ; claro, eu creo que a petición é pouco creíble, éso é pouco creíble, e, polo tanto, todos, creo que entendemos que cando facemos unha petición sempre hai algunha aportación do Concello. Nesa partida creo lembrar que hai 4.500 euros, que non chega, como se poden facer os cálculos ffacilmente, ao 10% do que sería o custo do proxecto da obra.

Outra referencia que se ven facendo é en torno ao comedor escolar; dixo ben, co apunte da presidenta da comisión de servizos sociais, o voceiro do PSOE, que as mesas e cadeiras chegaron onte xa ao colexio e, polo tanto, o compromiso da Delegación está executado; claro, agora quedalle ao Concello dar cumprimento á moción que aprobou no Pleno, e dar cumprimento ao trámite que iniciou cando, conxuntamente coa comunidade educativa, votou no Consello Escolar primeiro incluía no Fondo de Inversión do Estado e despois, cando votou, meses máis tarde, unha moción que non comprometía economicamente a cantidade pero sí comprometía ao Concello nunha aportación económica máis alá da que pode aportar a Xunta de Galicia. Polo tanto..., aquí tamén se manifestou que todos os grupos estábamos dacordo e, polo tanto, nese sentido parece que, dunha maneira ou doutra, haberá unha modificación.

En canto ao tema do mobiliario para o comedor, é certo que o cálculo pode estar nos 1.200 euros, eu creo que algún presuposto xa anda circulando polos grupos municipais, pero quero lembrar que na partida concreta hai 900 euros para o conxunto de equipamento de todos os Colexios, é dicir, dificilmente, non é que non vaíamos a cumprir o do resto dos colexios, senon que tampouco, case, poderíamos chegar aos 1.200 euros a que se facía referencia, dos distintos presupostos, que vale o que necesita o comedor escolar, polo menos en principio, para que poda estar en marcha.

En canto á partida de axudas á escolarización todos coincidimos, así ademáis está nunha modificación que se introduxo ao principio nun dos borradores do presuposto en que a situación económica era moi complicada en Mugardos, e había que aumentar a partida de emerxencia social, que se aumentou con respecto ao ano pasado, pero esta partida quedou estancada, polo tanto sería bó non só que se abriera o número de familias que poden acceder senon as cantidades e eso requiriría, polo tanto, un aumento da partida.

En canto ás da asociación de veciños de A Pedreira, hai unhas que significarían unha modificación sustancial do presuposto, como é o tema do local; nós xa manifestamos na comisión de facenda que o creíamos complicado, porque sería unha cantidade de diñeiro moi importante e, polo tanto, unha negociación dentro dos grupos municipais importante, para modificar nesa cantidade o presuposto, dado que ademáis non hai proxecto, se debatira no Fondo Estatal, había diferentes posicións, e que, polo tanto, sería moi difícil, o que non quere decir que non estemos con ese proxecto, pero entendíamos que non tiña cabida neste momento político.

En canto ás beirarrúas, o mesmo, mentras foi debatido no Fondo Estatal as beirarrúas de Feiteiras, polo tanto mentras non teñamos o espazo suficiente dispoñible que marca o plan para o ancho de estrada e demáis vai ser complicado que podamos iniciar o proceso de seguridade vial sobre todo cando todos os grupos municipais tiñamos en mente facer unha obra parecida ou similar á que se vai executar nos Casás co Fondo Estatal e dado que case todo o mundo é coñecedor de que vai haber un segundo Fondo Estatal. O importante sería ir abrindo camiño para que, si o consideramos oportunos, eso se poda tratar.

Das outras dúas que quedan, na 1 e na 2, a que responde a seguridade vial en estradas de titularidade da Deputación e de titularidade da Xunta de Galicia, con respecto á número 2, que é da Xunta de Galicia, o Pleno do mes pasado aprobou unha moción nese sentido, polo tanto hai un acordo político para seguir as negociacións coa Xunta de Galicia e incluír nese tramo non só as alegacións de San Xoan ou as reclamacións que se podan presentar en torno ao tramo da Xesteira-Rilo, eu creo que está recollida e, en canto á Estrada da Deputación debería haber primeiro un debate político neste concello sobre o inicio das xestións necesarias para que se poda dotar de seguridade vial. Polo tanto, nese sentido, nós desestimariamos que foran no presuposto.

A de partida de demolicións, entendendo que é unha prioridade a demolición do patrimonio municipal que temos en ruínas, sendo consciente de que se están facendo demolicións, tamén con cargo a esta partida, de vivendas no casco histórico, entendemos que o Concello, por ser patrimonio municipal e por estar ubicadas donde están debería acometela e, polo tanto, incrementar un pouco a partida para que non quedara coxa e se poderan acometer tamén as do casco. Esa sería, e a outra parte, é a última que queda, é o incremento da partida ás entidades culturais, asociacións de veciños e demáis, que dado o incremento que hai no número de asociacións que se deu no último ano, polo menos as que entraron, nese apartado das subvencións, entenderíamos conveniente incrementar esta partida; a proposta que pasamos ao conxunto dos grupos é, epígrafe cada unha delas, hai un equilibrio presupostario nese sentido, diminuímos os gastos fundamentalmente nas partidas de atencións protocolarias e representativas, nas partidas de publicidade e propaganda, na partida de transporte adaptado e no resto de partidas de publicidade e propaganda, non fumos a ningunha das partidas de obras, persoal ou servizos básicos e todo o que restamos nunhas para incremento das outras, feito que para nós é viable, leva a un equilibrio presupostario.

**Sr. Alcalde:** Grazas, Pilar. Abrimos outro turno de intervencións.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Ben, en primeiro lugar, para animar, felicitar ao sr. Fariña polo bó gusto das camisas e, en segundo lugar, abordar en todo caso o meollo da cuestión.

Ben, imos ver..., aquí iniciouse, efectivamente, por parte do presidente da comisión de facenda, sobre que os presupostos estaban conforme á lei, etc., etc..., conforme á lei sí, pero cinco meses despóis do que a lei recomenda. Entón tampouco estamos para presumir de axustarnos á lei estritamente, ¿non? Polo tanto podíamos telo feito con outra mira. Nós, se miramos hai uns meses atras, sobre os presupostos podemos concluir, creo que entre todos chegaríamos a esa conclusión, de que empezaron tarde, mal e a rastro, tarde porque empezaron cinco meses pasado o ano, coa repercusión que eso supón sobre a economía e as inversións en Mugardos, pero que nós consideramos que non é casual tampouco porque xa sabendo que os ingresos non correspondían nin de lonxe para cubrir esas inversións, pois reducindo o ano, dado que non se poden aumentar os ingresos, ben, sería unha forma de paliar en certa medida a falta de execución dos mesmos ou, o que é o mesmo, podera paliar en certa medida o que podera parecer unha inacción do goberno municipal. En todo caso, tarde temos dito, mal porque non foron uns presupostos adaptados á realidade fiscal deste concello, pero tampouco se buscou iniciar unha reflexión sobre as prioridades e necesidades de cada unha das áreas, senon que o esforzo do goberno foi tirar para diante pensando sobre todo nuns presupostos de transición ata que isto escampe, pero parece ser que isto promete seguir chovendo durante algún tempo máis, polo tanto, a provisionalidade dos mesmos non é tal e debera terse metido máis na profundidade das consecuencias que van ter os presupostos para este ano. Neste caso o goberno municipal adopta máis unha posición de espectador que de promotor de iniciativas capaces de dinamizar a economía municipal, polo tanto nós incidimos nesa cuestión porque entendemos que o Concello debe liderar esa dinamización da economía e de todos os sectores productivos en Mugardos; e decimos que ven a rastro porque si ben é certo que un bó goberno debe intentar consensuar os principais retos do Concello cos grupos da oposición, non só non foi así, senon que nin se realizaron baixo a lóxica de priorizar as necesidades principais que temos, pero aínda é peor cando isto se fai cun goberno en minoría e cunha profunda crise económica.

Concluindo, e chegando ao meollo das alegacións e as reclamacións presentadas, evidentemente coincidimos en que son consecuencia dunha falta de diálogo, de sincronizar as prioridades fundamentais e para elo hai que abordar con maior disposición, tempo e discusión, cantos temas sexan necesarios para intentar ofrecer solucións, que aínda que veñan limitadas economicamente ao menos sexan acertadas para o futuro económico de Mugardos. No seu momento defendimos que non eran uns presupostos que respondían ao que o noso grupo entendía como prioritario para os tempos que vivimos, polo que tampouco se intentou chegar a un acordo con nós; aínda entendendo que as reclamacións poden mellorar mínimamente o xa realizado, entendemos que deberan terse debatido para realizar unha planificación global e integrada nos mesmos, en termos de equilibrio presupostario, nin tampouco responden ao verdadeiro espírito da lei en canto que non se dirixen a correxir desequilibrios no cumprimento de obrigas esixibles a este Concello, máis ben poderían contribuir a un acordo político que debería darse con anterioridade e a contribuir cun mínimo

beneficio a un retraso que xeneraría maior perxuizo que mellora sustantiva das contas municipais, polo tanto nós manifestamos a nosa abstención, non porque non as vexamos lóxicas, que sí o son, senon porque non compartimos o groso dos presupostos en sí mesmos, aínda que ditas reclamacións, a estas alturas podan supoñer un simple parche; polo tanto, recoñecendo aínda que son lexítimas calquera das reclamacións que se fan, non queremos entorpecelas, pero tampouco, como imos ser consecuentes coa posición adoptada sobre os presupostos, como tampouco os compartimos, pois tampouco as rexeitamos, polo tanto a nosa abstención para todas elas. Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Gracias, sr. Juan Domingo. Sí, sr. Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): A verdade é que non sei por donde empezar, porque eu tiven intervención e, claro, escoitei con interés o falado por cada ún deles e quero dicir, en principio, que comparto practicamente todo o que se dixo aquí, e ademais paréceme que a solución que se vai dar a este tema, paréceme, non sei si estarei equivocado ou non, creo que vai ser a correcta, pero a miña intervención, a que tiña eu prevista a vou modificar un pouco no segundo turno, que é aproveitarse un pouco dos trinta anos que levo aquí, e empezar decindo que eu non son, nin pretendo ser, o Capitán Trueno nin o Espadachín Enmascarado, non o son nin o pretendo, porque éstos son chistes e eu, aínda que é certo que pretendo centrar o debate, que non é a miña obriga, pero sí o pretendo, facelo eficaz, facelo con viabilidade e seriedade, non é menos certo que a veces, para non crear tensión, conto algún chiste, ou pretendo ser, ao menos, non tan ríxido, esa é a miña pretensión agora e sempre, por eso lle agradezo hoxe ao amigo Juan Domingo, que nos puximos dacordo, “entrecomillado”, para parecerme un pouco a Pilar, pero tampouco ese é o tema, o tema da camisa.

Ben, dito isto, algunhas aclaracións. Ben, da intervención de Bouza non digo nada porque se limitó exclusivamente a leer o enunciado do tema; da intervención de Juan, PSOE, perfectamente dacordo, totalmente dacordo con él salvo un inciso que lle fago, eu creo que todo o que estamos debatindo aquí é importante e necesario pero non todos estamos dacordo co tema; eu manifesto aquí que non estou dacordo para nada co tema do Xulgado de Paz, nin é o sitio nin o lugar, non porque non sexa necesario, que sí o é, pero na miña opinión non é o sitio nin o lugar; vale enviar para outros lados e veremos que é certo o que estou decindo eu, creo que é certo, polo tanto, Juan, totalmente dacordo.

No tema da intervención de Pilar, eu non sei si no presuposto, creo que tamén, se buscou a aritmética máis que o acordo político, pero é lexítimo tamén, eu non o comparto pero sí é lexítimo, eu creo que é bó dicir que é lexítimo, a pesar de..., o dixeches? Perdoa, é que teño un problema de audición, si o dixeches non hai problema ningún, é certo que se buscou máis eso que outra cousa, porque senon sería obvio que falarían con todo o resto e non é certo. Noutro tema dixeches que estamos ante un feito protexido pola lei, a ver, eu..., o outro día un veciño de Mugaros que segue os Plenos a través das actas díxome que nos parábase moito, demasiado, no tema do formalismo, todos, dixo que todos, e eu creo que ten razón, empezando por Fariña, que nos paramos demasiado no tema, pero aquí eu quero, sen que isto sexa nada que coarte nada, todo o contrario, eu discrepo de que sexa protexido pola lei, discrepo abertamente. ¿Por qué? Porque os tres supostos que dí o informe da interventora, que a min me parece correcto, pero a min me parece que é bó que os técnicos, con máis énfase, si teñen que dicir as cousas o diga con moita máis claridade, eu creo que non está protexido por

lei, é a miña opinión, primeiro porque non houbo un desaxuste..., na tramitación da lei, eso queda correcto, que é o punto a), no punto c) tampouco ten problema ningún e donde podería, teóricamente, entrar na miña opinión, é no punto b), donde fala de omitir o crédito necesario e eu creo que cando se dí calquera outro título lexítimo non é unha porta aberta para todo, eu creo que non, eu creo que é máis para provedores, contratistas, xentes que está perxudicada porque se lle debe diñeiro, etc., incluso veciños ou colectivos cando unha obra que está programada en x anos non aparece a contía económica para o ano seguinte e, polo tanto, teñen un perxuízo importante, para eso sí, para isto non; é a miña opinión, pero claro, lonxe de que isto non sexa así, os que estades aquí e que estaredes seguramente todos, ou case todos, nas próximas lexislaturas, os acordaredes do que dixen eu, que isto non ten sentido ningún, non leva a ningún sitio, pero entón esta é a intervención que falou Pilar; tamén fixo referencia a que en quince días as modificacións e tal..., que eu creo que sí, a partir de quince días ou dous meses, ou xa veremos cando nalgúns casos. Ben, pero ao fío deste eu quero dicir unha cousa e é que a diferenza entre deixar unha partida aberta e non tela e, polo tanto, ter que facer unha modificación é simplemente de trámite burocrático dentro do propio Concello, non é máis, hai que tralo a Pleno, o sabedes, e hai que levalo a comisión, etc. etc..., é máis burocracia interna que outra cousa, pero en fin, o problema é que non falte a vontade política de facer as cousas.

E da intervención de Juan Domingo... tamén o mesmo, no sentido de que, estou dacordo con él, hai unha crítica á elaboración dos presupostos, e aí entra o que sería a miña propia intervención, Alcalde, e quero empezar dicindo que maior transparencia e eficacia, mellor comunicación entre concello e veciños, é un proceso aberto a todo o mundo que supera a lóxica participación representativa, aumenta a reflexión e a solidariedade. En definitiva, non é falar só de diñeiro, é a profundización da democracia e é a esencia da mesma democracia. ¿De qué estou a falar? Dos presupostos participativos, Alcalde, que é unha ferramenta que permite aos veciños incidir e tomar decisións a veces. ¿E para qué serve? Xustamente para a participación dos veciños no proceso de elaboración dos presupostos e plasmar as demandas, preocupacións, etc., etc.. ademais de en función desa participación facer un seguimento dos compromisos alcanzados; isto, que é a síntese do que son os presupostos participativos é, en definitiva, ao que o alcalde e o seu grupo os comprometíchedes neste Pleno, e non se fixo, a realidade concreta é que non se fixo na elaboración dos presupostos, pero non se fixo, para colmo, nin siquiera a participación das comisións, como tal, nos propios presupostos. Íbamos os listos, entrecomillado, salvo eu, claro, os listos do Pleno á comisión de facenda e debatíamos, non se fixo unha elaboración dende as propias comisións, como na miña opinión debiera de facerse, aínda que sí sei que é farragoso, que é complicado, que é difícil, pero ao final, xa veremos que as cousas son así.

As alegacións que hoxe estamos aquí a debatir, independentemente do procedemento, como dixen anteriormente, si é legal ou non é outra historia, eu creo que isto non é o problema, o problema na miña opinión son os propios presupostos, primeiro a súa elaboración, como dixen anteriormente, e segundo, o coñecemento exhaustivo, non samente por parte dos que estamos aquí, senon dos veciños en xeral, de cal é a situación económica real deste Concello, e como non quero meterme en moitos datos, samente dicir un pouco do que dixen na aprobación dos presupostos, que eu me abstiven en función de non causarlle maior perxuízo ao Concello, non ao BNG, ao Concello do que poidera haber sendo rexeitado o presuposto, esa foi a miña razón, pero a realidade é a seguinte: temos un presuposto donde o 60,61% ten un destiño, que son gastos de persoal 33% e gastos correntes o 27,53%, e samente

o 12,89% é para inversións, e ollo que se inclúe o que son os plans de obras e servizo; temos unha realidade que eu creo que aquí, públicamente, non se dí pero sí todo o mundo é consciente delo, que están inflados os presupostos, que están inflados o aseverei no seu día, e o asevero hoxe, en máis dun millón de euros, polo tanto a realidade dos presupostos non é o 60,61% para persoal e gastos correntes, é que éso se transforma na realidade no 76,36% do que serían os presupostos reais, polo tanto a inversión que temos, sexa quen sexa o que estea gobernando con esa estrutura presupostaria é pouca ou apenas inexistente. Así pódese afirmar que nos propios presupostos as demandas que temos aquí economicamente son irrealizables ou non axustadas economicamente ao que realmente temos.

Na miña opinión, e dadas as circunstancias xa mencionadas, samente podemos, creo eu, comprometernos ao que reflexan as alegacións; primeiro debatilas en comisión para darlles a prioridade necesaria, alguén dixo, non sei quen foi o que dixo..., creo que foi Juan pero non o sei, alguén dixo que hai moitas máis cousas e, polo tanto, temos que cotexar, seguramente o que temos enriba da mesa é do máis importante, seguramente, pero haberá outras que seguramente tamén San Xoan, para que me aplaudades, San Xoan, Franza, A Redonda, etc., etc... Quero dicir que pode haber cousas tan importantes como ésta, aínda que éstas sí o son, e unha vez levadas a comisión, comprometernos mediante as correspondentes modificacións pero sempre partindo da base de que teña visos de realidade, axustándonos ao tema económico que temos. Por eso quero deixar claro que son, nalgúns casos, necesarias as negociacións coas administracións, sexan éstas Deputación ou Xunta, polo tanto o Alcalde..., é a súa competencia, llo demando e llo esixirei, polo tanto é a súa responsabilidade. Si en calquera das negociacións fose necesario, e competa a estas dúas administracións, diñeiros do Concello e que non están reflexados en presuposto eu quero reiterar o xa dito no debate do presuposto, a única forma real que hai é, salvo que despedamos xente, que eu non son partidario, pero... salvo que despedamos xente e hai un aforro importante nese tema, é recurrir a préstamos, e aquí é donde se pode conxugar as modificacións existentes co dereito do Concello, e creo que que co dereito, a obriga e a oportunidade de poder recurrir a diñeiro externo, digo oportunidade polos costes que agora mesmo hai; por eso eu espero, e conclúo, que do de hoxe eiqui é a primeira vez que en trinta anos dase un caso como éste, quitemos as conclusións necesarias e, si é posible, xa nos presupostos que veñen, os seguintes, reflexar un sistema de debate distinto, máis parecido ao dos presupostos participativos que tiña cantado e eloxiado o noso Alcalde, porque senon vai quedar para outras corporacións e eu os aseguro que si esta dinámica se instaura en Mugar dos constantemente flaco favor lle estamos facendo ao goberno municipal sexa éste quen fora, éso hai que facelo con anterioridade e aí é donde temos que mollarnos os políticos, en darlle prioridade porque é obvio que todo non se vai facer. Polo tanto, co rogo de todos e o meu compromiso para debatilo en comisión dándolle a prioridade necesaria ás obras e fundamentalmente seguindo que os seguintes presupostos reflexen unha dinámica distinta eu vou seguir co voto que tivo, que é a abstención. Nada máis, grazas.

**Sr. Alcalde:** Grazas, sr. Fariña. Ben, en todo caso, si o considerades oportuno, si algún grupo quere intervir outra vez non hai ningún problema, pero eu creo que é xusto e necesario dicir algunhas cousas con respecto aos presupostos e a primeira é que... ben, vaia por diante que eu sigo pensando, efectivamente, que é bó facer eses orzamentos participativos, pero si todos recordades, sobre todo os portavoces, se fixeron catro ou cinco xuntanzas de portavoces

para falar dos orzamentos donde o equipo de goberno puxo sempre por diante de que a situación económica do Concello era feble e que samente ia facer uns presupostos adicados, única e exclusivamente a atender aqueles compromisos que estaban adquiridos e que había que poñer partida para poder executalos, e si vos fixades, creo que os fixáchedes perfectamente, hai unha partida que ven xa de anos anteriores arrastrada, que son 460.000 euros, para facer frente ao primeiro prazo da traída en alta hacia Mugar dos, ou sexa, son 460.000 euros; despois estaba o tema da piscina, que tamén hai que facerlle frente e se puxeron 100.000 euros. Outro tema que está pendente, que está presente aquí neste concello polo goberno anterior, non sei o que pasará co que está actualmente, pero aquí se presentou un proxecto dun novo pavillón municipal para Mugar dos, no cal o Concello tiña que poñer 200.000 euros; e outra partida que hai que poñer dunha cousa comprometida é o campo de fútbol de herba artificial que, como ben sabedes, hai que poñer o 20% do que costa, e creo que son cento e pico mil euros o que lle corresponde ao Concello e si sumades con outro compromiso que hai por aí supón o millón e pico de euros, que fala Fariña. Evidentemente non hai máis cera que a que arde, claro que a nós nos gustaría facer moita máis inversión, ¿a quén lle interesa máis? Ao equipo de goberno, que se fagan inversións, sen embargo nós non o podemos facer, porque é imposible, e dicir que... ben, a min me parece ben que o Cruceiro de Mehá faga propostas ao Pleno, pero eu lle recordo ao Cruceiro de Mehá que as inversións que ten feito este Concello na parroquia de Mehá, apaga e ímonos, porque eu os vou contar, esperade un momentinho, déixame que o teño por aquí apuntado, local de ensaio, a rúa da Areosa, a rúa dos Casás, beirarrúas Mugar dos a Rilo, abastecementos, saneamentos, creo que é unha das parroquias..., que non levou o casco de Mugar dos, o que é Mugar dos, non levou esa inversión e sí levou a parroquia de Mehá, polo tanto estamos falando de millóns de euros na Pedreira, millóns de euros de inversión; me parece ben que siga reivindicando cousas, pero hai outros sitios que non levaron esa inversión, polo tanto eu penso que hai que valorar todo, e ben, nós entendemos que posiblemente, polo menos esperamos que sexa así que no ano que ven, pois poidamos facer uns orzamentos diferentes ao que se fixo este ano, este ano van destinados, única e exclusivamente, a compromisos adquiridos con outras administracións e non da para máis, por moito que queramos facer modificacións de crédito é que non o hai, e a min me parece ben que os grupos da oposición se fagan aliados das demandas dos veciños, nós tamén, nós tamén, pero hai o que hai, non hai máis nada.

E con respecto a que si hai outro Fondo Estatal, pois ben..., na nosa mente tamén está urbanizar a rúa da Areosa, pero ollo..., Fieiteiras, ollo, alguén falou aquí de mercar terreos, nos Casás e Areosa non se mercou ningún terreo, todo foron cesións voluntarias, polo tanto non vaia estar pensando alguén en facer cartos a conta do Concello para urbanizar unha rúa que beneficia directamente aos veciños desa rúa. Espero que si efectivamente chega ese Fondo Estatal e decidimos urbanizar a rúa Fieiteiras sexa con cesións voluntarias.

E despois hai cousas que..., efectivamente, que se falan aquí, eu creo que conseguir un local social pois xa o temos falado aquí moitísimas veces, está o tema da escola de Fieiteiras, que se pode acondicionar e se pode utilizar pola sociedade, agora... si se quere un local social alí no núcleo da Pedreira pois éso está máis complicado, porque habería que facelo novo ou mercar alí unha vivenda ou algo e, en todo caso, pois en canto ás demolicións, pois eu respetaría polo menos unha das vivendas que está en bastante boas condicións e que ao mellor no futuro se pode converter en local social si se rehabilita, pero un local social para unha asociación de veciños non é un local social para facer alí, digo eu..., festas e festiñas, será para

xuntarse e debater as cousas que teñan que debater e para eso non fai falta un local como a min me chega aos oídos que queren; polo tanto é unha cuestión tamén que os grupos políticos teñen que valorar, nós estamos hoxe aquí pero mañán pode estar outro grupo gobernando e, polo tanto, esperemos que sexamos consecuentes co que escribimos e co que queremos que se faga cando as contas non da para todo.

En todo caso creo que as alegacións son totalmente lexítimas, neso estamos dacordo, calquera veciño, calquera entidade, pode facer alegacións aos orzamentos se non está dacordo con eles, eu neste caso non teño nada que decir ao respecto. En todo caso, co informe que temos aquí encima nós temos que rexeitalas porque si ben no fondo... pois efectivamente, na forma non están ben; en todo caso eu o que pediría a todos os grupos é que sexan conscientes da situación que están vivindo todos os Concellos, xa digo, todos, e Mugar dos non se escapa a esa situación a pesar de que, xa digo, Mugar dos, neste caso concreto cando me refiro a todos os Concellos do mesmo tipo que Mugar dos falo de Ares ou falo de Neda, é un concello que ten a mellor situación con respecto a eles porque nós contamos, para ben ou para mal, con dúas empresas importantes que pagan o seu IBI e pagan o seu Imposto de Actividades Económicas, Reganosa aínda non o paga pero o próximo ano terá que pagalo e é un ingreso que nós temos que outros concellos non teñen, polo tanto eu espero que para o ano que ven se poidan facer outro tipo de orzamentos cunha pouca de inversión máis e tamén anunciarvos que... ben, o equipo de goberno traballa para gastar o menos posible e ten solicitado ou vai solicitar unha subvención a Deputación desa partida que hai de 460.000 euros para a traída en alta a Mugar dos, pois si podemos, que a Deputación a financie, pois non sei, nun tanto por cen, ao mellor o 70% do que nós temos que pagar, pois xa é un ingreso que imos ter aí e que non imos ter que gastar con respecto a eso. En todo caso son partidas que van destinadas, e de ser que tivéramos que facer uso dela digamos que esa partida tiña que ir destinada tamén a ese tipo de obras.

Con isto eu quero decir, remato, que os grupos entendan que a situación que ten o Concello non da para máis e que, polo tanto, creo que sobran facer aquí... claro que todos queremos que se invirta máis e o goberno, xa o dixen antes ao principio, o primeiro, pero hai o que hai, ¿non? Non hai nada máis, e todos sodes conscientes do que hai, que éso é certo.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Unha intervención máis, aínda que creo que xa intervin bastante, pero ao Alcalde quero lembrarlle algunhas cousas moi brevemente. Eu comprendo e entendo, ademáis creo que é así, que os presupostos están adicados a cumprir estritamente os compromisos, incluso menos dos que estaban establecidos, como dixeron outros compañeiros. A realidade concreta é que 1.100.000 son o presuposto de inversións e son o 12,89% do presuposto. Por último dúas cousas: unha, eu creo que nas Fieiteiras, Alcalde, ten que haber un compromiso escrito, senon hoxe, mañán na comisión, en que hai que facelo para o ano que ven ou para este ano, pero para eso hai que dar os pasos para que non nos atopemos, si ven outra vez o Rei Mago, con permiso do P.P., que é Zapatero, e nos da diñeiro outra vez, non nos atopemos coa mesma disuntiva, polo tanto solventemos o tema ben como cesións, ben como compra ou ben como expropiación, por esta orde, pero xa é negociación do grupo de goberno; na miña opinión nesta obra imos facer algo que a min non me gusta, nesta rúa, e é que imos dotala de luz neste presuposto sen tela dotado..., eu creo que o primeiro tiña que ter sido o outro, non sei si é reversible ou non, pero non fagamos as cousas que ao final costen dúas veces. E o tema é que, si o resto dos temas o grupo de

gobierno, en voz do Alcalde ou de quen corresponda, se compromete a debatilo de forma..., non con rapidez pero sen demora, nas distintas comisións para darlle prioridade e demandala tanto o ún como o outro, cos portavoces, eu creo que xa está arranxado o tema. De todas formas quero lembrar unha cousa, Alcalde, éste que está falando propuxo uns presupostos alternativos en ingresos, ingresos, donde ademáis de recortar gastos, algo que hoxe fai con bastante precisión e bastante ben, aínda que tivo pouco tempo, Esquerda Unida, pois, ademáis deso, estaba en disposición de apoiar un préstamo de ata un millón de euros ao banco, aos bancos que foran necesarios, ao máis óptimo, obviamente, sempre cunha soa condición, que nas obras a realizar houbera unanimidade, punto, e ésto, sorprendentemente, que o faga ún da oposición é cando menos unha locura senon se entra a profundizar o tema, porque ésto ao final políticamente é rendabilidade para o grupo de goberno, non se quixo facer así, ben, ¿estamos a tempo? Sí. O deixamos, ¿porque xa temos medio ano consumido, para o ano que ven? Sí, pero teñamos os deberes feitos, que é o fundamental, sobre todo no tema de Fieiteiras. Listo.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Imos ver, eu quería comentar no tema da urbanización da rúa Fieiteiras que, evidentemente, o grupo municipal socialista tamén é máis proclive a que se faga en base a cesións, como non podía ser doutra maneira e na nosa mente non está en ningún momento en que ninguén teña un beneficio económico, pero hai unha cousa que é evidente, creemos que non é igual a urbanización das Fieiteiras que a dos Casás e, en todo caso, se non se pode conseguir a través de cesións pois haberá que mercar ou expropiar, ¿non? os terreos necesarios.

Por outra banda cando o Alcalde decía as inversións que se fixeron en Mehá, ninguén as discuteu, nin tan siquiera os veciños, simplemente que os veciños solicitaban seguridade vial nunhas rúas que creemos que sí o necesitan, e no tema do local social nós creemos que foran unhas manifestacións no 2008 do Alcalde donde o ofrecía e os veciños, na súa proposta, piden o local social para a parroquia de Mehá, non para a asociación de veciños e, por último, decir que ninguén discutei que se fixeran reunións cos portavoces para falar dos orzamentos, aquí se falaba ou falaba o grupo de goberno de orzamentos participativos, e a participación implica que participen as sociedades e os colectivos do noso Concello. Logo o Alcalde dixo de facer un propósito de enmenda e que as negociacións dos próximos orzamentos sexan máis abertas, do cal nos congratulamos.

Rematado o debate, sométese o asunto a votación e o Concello Pleno, tendo en conta o informe presentado pola interventora municipal de data 21 de maio de 2009, obrante no expediente, no que en síntese se pon de manifesto que: *"Las reclamaciones son formalmente correctas pero no parece que, materialmente, se puedan incluir en alguno de los supuestos tasados por los que cabe formular reclmaciones al Presupuesto, pues no se acompaña precepto legal o título legítimo en virtud de cual las mejoras solicitadas deban ser asumidas o acreditación de la manifiesta insuficiencia de los gastos respecto de la necesidades previstas"*, así como o ditame da comisión informativa de facenda e patrimonio, por catro votos en contra (4 BNG), ún voto a favor (1 EU-IU) e sete abstencións (3 PSOE, 3 PP, 1 IPM), acorda:

1º.- Desestimar as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento do exercicio 2009, que se relacionan deseguido:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Angeles Bastida Veiga, en representación da Asociación de Amigos de Minusválidos de Mugaros.
- D<sup>a</sup>. Trinidad Cruz Pérez, en representación da A.N.P.A “Catro Camiños”
- Luz Marina Torrente López, en nome da Asociación de Veciños O Cruceiro de Mehá.

2º.- Aprobar, polo tanto, definitivamente o orzamento deste Entidade para o exercicio do ano 2009, que quedou fixado tanto en gastos como en ingresos nun total de SETE MILLONS CENTO CINCUENTA E SEIS MIL UN EUROS CON VINTE E OITO CENTIMOS CENTIMOS (7.156.001,28), asignando a cada ún dos capítulos as cantidades seguintes:

#### ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	EUROS
CAPÍTULO 1- IMPOSTOS DIRECTOS	2.809.089,92
CAPÍTULO 2- IMPOSTOS INDIRECTOS	650.036,49
CAPÍTULO 3- TAXAS E OUTROS INGRESOS	570.942,90
CAPÍTULO 4- TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.992.670,51
CAPÍTULO 5- INGRESOS PATRIMONIAIS	23.568,97
CAPÍTULO 7- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.097.692,49
CAPÍTULO 8- ACTIVOS FINANCIEROS	12.000,00
CAPÍTULO 9- PASIVOS FINANCIEROS	0
<b>TOTAL</b>	<b>7.156.001,28</b>

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	EUROS
CAPÍTULO 1- GASTOS DE PERSOAL	2.290.873,81
CAPÍTULO 2- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERV.	1.946.519,19
CAPÍTULO 3- GASTOS FINANCIEROS	37.600,00
CAPÍTULO 4- TRANSFERENCIAS CORRENTES	160.610,68
CAPÍTULO 6- INVERSIÓN REAIS	1.830.467,97
CAPÍTULO 7- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	795.929,63
CAPÍTULO 8- ACTIVOS FINANCIEROS	12.000,00
CAPÍTULO 9- PASIVOS FINANCIEROS	82.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>7.156.001,28</b>

3º.- Aprobar igualmente as bases de execución do devandito presuposto, así como a plantilla de persoal que comprende tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

4º.- Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sra. Diaz Otero** (que traducido di): Sí, eu só teño unha nada máis que é pola celebración das Xornadas de Igualdade que comezan mañán e por eso se cambiou o Pleno para o día de hoxe. Se non é un asunto persoal, si é un asunto persoal o Alcalde me contesta que é asunto persoal e acabouse, pero se non, ou si é o que lle impide inaugurar as xornadas un asunto persoal, porque é a primeira vez dende que se realizan as xornadas que o Alcalde, que é o máximo representante de todos os mugarde se e, polo tanto, o representante do Concello, nin inaugura nin clausura as xornadas. A ver, o digo porque independentemente de que nós non votáramos a investidura do Alcalde e sí, naquel momento, a de Ramón Toimil, cando nós estábamos na presidencia da comisión de Asuntos Sociais, o Alcalde sempre inaugurou as xornadas porque eu creo que é o procedente, ou senon as clausuraba, si ten algún asunto persoal ou de tarefas do Concello que lle impida estar na inauguración ou na clausura.

**Sr. Alcalde:** Eu teño na mente inauguralas.

**Sra. Diaz Otero** (que traducido di): Entón rectifico; o digo porque non está no programa que as inaugure o Alcalde.

**Sra. Diaz Prados:** Non sei si me vades escoitar. O Alcalde o que vai facer é a inauguración de pioneiras, que é a exposición que vai vencellada ás xornadas, e as xornadas as vou inaugurar eu, non por ningún motivo especial senon porque facemos unha inauguración cada ún, sinceramente.

**Sra. Diaz Otero** (que traducido di): Eu, sinceramente, creo que é un erro. Si queremos que as xornadas teñan a difusión que teñen, eu creo que o Alcalde, como máximo compromiso deste Concello con esas xornadas, na medida das súas responsabilidades persoais debe de inaugurar ou clausurar.

**Sr. Alcalde:** Eu vou inaugurar as xornadas, non te preocupes.

**Sr. Varela Deibe:** Xa non digo nin bós días porque xa nos vimos todos. En primeiro lugar quería propoñer unha cousa, que no próximo Pleno se utilice o regulamento orgánico, que todos sabemos o que é, porque senon nos tiraremos algún falando media hora para non dicir nada ao final ou dicir o que xa sabemos todos. Hai uns tempos que tí sabes, supoño que o saberás, e espero que se aplique no próximo Pleno.

**Sr. Alcalde:** Hai que ser flexibles.

**Sr. Varela Deibe:** Un pouco de flexibilidade me parece ben, pero despois a secretaria ten que facer o tocho ese.

E agora quería facer a pregunta. A pregunta é a seguinte: Imos ver, o que pretendemos facer en Mugaros que é, reforma do plan de urbanismo, unha mellora ou un plan novo?

**Sr. Alcalde:** É unha revisión do Plan.

**Sr. Varela Deibe:** Unha...?

**Sr. Alcalde:** Revisión.

**Sr. Varela Deibe:** Está seguro, sr. Alcalde?

**Sr. Alcalde:** Home, o prego todo do expediente é unha revisión.

**Sr. Varela Deibe:** Non me estará contando unha trola. Entón me pode contar o das axudas que hai, para qué son? As axudas, ou leo eu: Subvención para redacción de plans xerais de ordenación municipal, teñen como destinatarios aos Concellos de Galicia, tal, tal, tal, redacción, non revisión nin reforma.

**Sr. Alcalde:** Unha revisión hai que redactala.

**Sr. Varela Deibe:** Non, non nomea para nada a reforma nin revisión.

**Sr. Alcalde:** A revisión hai que redactala.

**Sr. Varela Deibe:** E en qué consiste a revisión e a reforma, ¿qué diferenza hai? ¿Mo pode explicar?

**Sr. Alcalde:** Imos ver, nós entendemos que o plan de urbanismo ten cousas malas, pero tamén ten cousas boas, entón o que é bó o temos que aproveitar. De todas formas...

**Sr. Varela Deibe:** Sr. Alcalde, vostede pediu un novo plan.

**Sr. Alcalde:** Non, non.

**Sr. Varela Deibe:** Está firmado por vostede.

**Sr. Alcalde:** Non, non é un novo plan, despois será un novo plan que teña Mugaros pero é unha revisión, non é darlle carpetazo ao que temos.

**Sr. Varela Deibe:** Prácticamente é o mesmo, leva o mesmo tempo, cando se fose revisión...

**Sr. Alcalde:** De todas formas, Varela, lle vou a decir que todos os grupos van participar na revisión...

**Sr. Varela Deibe:** O que lle toque.

**Sr. Alcalde:** E na redacción do plan que saia, todos os grupos.

**Sr. Varela Deibe:** Esperemos que sexa para ben, porque si hai que facer..., reformalo todo, se vai ser un novo plan entón o plan variaría pouco.

**Sr. Alcalde:** Non, hai que darlle tamén algún mérito a Fariña neste caso que no anterior participou activamente.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Non, no anterior.

**Sr. Alcalde:** ¿No anterior? ¿Nas Normas?

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Dúas cousas, eu non son de aplicación estrita dos regulamentos pero sí é certo que a veces hai que cortalo sí é por min, cortalo e punto, por eso eu o deixei para a segunda vez, o que sí é certo é que tamén o regulamento di que en rogos e preguntas non hai debates, ¿vale?

Entón o meu rogo é un rogo simple, rogo que canto antes, e lamento que en comisión, aínda onte mo demandaron, aínda mo demandan os veciños, que se proceda canto antes, si se ten pensado, canto antes, á limpeza da ribeira do muelle de Mugar dos que está nun estado calamitoso, non esperemos a xullo, que tamén haberá que darlle un repaso porque agora parece ser que está certamente mal, parece ser que eu non o vin, paso por alí pero non me fixo.

**Sr. Alcalde:** Ben, se non hai máis preguntas, se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e dezaioito minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace  
O ALCALDE,